

Sarria convértese nun 'Salón Internacional de Arte'

A vila respirará arte con autores chegados de todo o mundo e unhas 150 obras expostas para aumentar o prestixio da 'Bienal de Sarria'.

Por **Redacción** - 23 Xullo, 2019



Cartel 'Décima Bienal de Sarria'

A décima edición desta exposición **fundada polo escultor sarriano que conqueiriu Francia, José Díaz Fuentes**, terá lugar este ano do 23 de xullo ao 18 de agosto.

O pasado día 20 de xullo tivo lugar unha inauguración previa no Mosteiro da Magdalena, en Triacastela, onde está exposta unha mostra de obras pensada para aproveitamento e goce dos peregrinos que pasan a diario por esta vila. E hoxe, **23 de xullo, ás 20:30 h. farase a inauguración oficial da "Décima Bienal de Sarria"** na antiga prisión comarcal de Sarria. Neste acto de apertura estarán o alcalde Claudio Garrido Martínez, Reyes Abella García, concelleira de Cultura, Pedro Pardo Díaz, presidente do centro UNESCO de Sarria, Florence Normier, presidenta do SIA-Sarria (Salón Internacional de Arte) e Anne-Michèle Vrillet, comisaria das exposicións.

Expoñeranse instalacións, pinturas, esculturas, gravados, debuxos, creacións dixitais... Un total de **150 obras procedentes de 17 países estranxeiros que acompañarán ás obras dos artistas galegos presentes na mostra.**

Os días 24 e 25 de xullo, algúns artistas traballarán ao aire libre con materiais reciclados facendo da arte un idioma universal para goce dos presentes que pasen por Sarria ou vaian expresamente para satisfacer a súa curiosidade.